


ECONOMIA



O proxecto **ECONOMIA** ten como obxectivo retirar o lixo acumulado nos bancos marisqueiros e divulgar e concienciar sobre o impacto ambiental do lixo mariño. Causará un precedente para organizar limpeza futuras periódicas, non só por parte dos mariscadores senón tamén polo resto da poboación, e axudará a concienciar sobre a redución de residuos e a súa adecuada xestión. É unha excelente oportunidade para a educación ambiental e para fomentar valores tanto individuais como colectivos.

O Esteiro do río Tambre é un lugar de acúmulo de lixo provinte tanto da actividade pesqueira e portuaria, como das actividades agropecuarias e das zonas urbanas que se desenvolven na cunca. Esta zona de sedimentación natural tamén tende a acumular o lixo da conca do río, causando graves perxuízos para a conservación dos bancos marisqueiros . Afecta á calidade do substrato, á fauna, que pode inxerilo e causar tanto a súa morte como bioacumulalo e pasalo a cadea trófica, e dificulta a actividade extractiva.



Esteiro do río Tambre e exemplos de lixo mariño atopado.

ECONOMIA II desenvolverase durante os anos 2021-2022. Comezará coa exposición no Clube Náutico de O Freixo (Outes) da Asociacións **Mar de Fábula** e **Mar de Noia** de arte e obxectos da cultura mariñeira atopados nas nosas praias. Esta exposición estará aberta durante o mes de agosto de 2021 servirá para divulgar o proxecto tamén os resultados anterior **ECONOMIA 2020-2021**. .Haberá unha xornada formativa destinada aos mariscadores sobre o impacto ambiental do lixo mariño e os obxectivos, forma de organización e execución deste proxecto. Posteriormente executarase as xornadas de limpeza dos bancos marisqueiros a pé da zona de autorización da Confraría de Pescadores de Noia. Realizarase un inventario do tipo e da cantidade de lixo mariño recollido e depositarase nos contedores habilitados polos **concellos de Outes e Noia** que colaboran tamén neste proxecto. Divulgaranse os resultados finais do proxecto na páxina web da entidade na que estará dispoñible e difundirse a través de redes sociais e medios de comunicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMR)

// PROXECTO ECONOMIA II

Este proxecto recibiu o apoio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e do 25 % con fondos da Comunidade Autónoma.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A COFRADÍA DE PESCADORES DE NOIA:

| | 75 % FEMP | 25 % Comunidade Autónoma |
|---------------|--------------|--------------------------|
| Ano 2021 | 69.996,82 € | |
| Ano 2022 | 159.027,80 € | |
| Importe total | 195.614,90 € | 48.903,72 € |

Participantes:



CONCELLO
DE NOIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)